

PEZA DO MES

outubro

2016



**A OFRENDA FUNDACIONAL DO TÚMULO M5
DE OUTEIRO DE CAVALADRE (MUÍÑOS, OURENSE)**



MONUMENTO CON CISTA RECTANGULAR ONDE SE ATOPARON OS DOUS RECIPIENTES CERÁMICOS E A PUNTA DE FRECHA

A ofrenda fundacional do túmulo M5 de Outeiro de Cavaladre (Muíños, Ourense)

A necrópole megalítica «Outeiro de Cavaladre» localízase nas terras centrais do val do Salas, concello de Muíños e provincia de Ourense. Os catorce monumentos que a forman manteñen unha distribución sensiblemente lineal e transversal con respecto á penechaira do mesmo nome, divisoria de augas entre a Corga do Ameal e Corga do Escairo das Cortiñas, afluentes do Salas. As súas coordenadas correspondentes ao datum ERS89, fuso 29, tomadas respectivamente para os monumentos OCvM1 e OCvM5, os dous que escavamos, son 589.646X/4.641.948Y e 589.848X/4.641.853Y. As altitudes tamén respectivas son de 841 e 834 m.s.n.m.

Esta necrópole do tramo medio do val forma parte dun nutrido conxunto de sartegos megalíticos erixidos moi cerca do leito do río. Non lonxe de Outeiro de Cavaladre esténdense as de «Veiga de Maus de Salas» e «Veiga de Requiás», que superan o medio centenar de monumentos se temos en conta os que poden permanecer somerxidos baixo as augas do encoro ou outros emprazamentos illados que comunican o val cos cumios e divisorias de augas próximas. A maioría foron descubertos no decurso das prospeccións arqueolóxicas que levamos a cabo de xeito paralelo ás escavacións.

Todas as actividades realizadas nesta zona, incluídas as escavacións, formaron parte do proxecto de investigación «O concello de Muíños e o seu marco arqueoxeográfico», que diriximos entre os anos 1989 e 1994.

Organizamos a escavación do monumento M5 co método de gabias en «L» enfrentadas. Cada unha estaba formada por unha aliñación de cuadrículas de 2 m x 2 m (4 m²), situadas de xeito que permitiron obter

unha ampla visión no sector da cámara, unha cista irregular, ao tempo que proporcionaba a estratigrafía continua nos sectores norte e leste da masa tumular, permitindo poñela en relación coa da anta e co espazo exterior inmediato do monumento. A gavia leste agrupou as cuadrículas E1, E2, E3, E4, E5 e E6, mestre que na norte aliñáronse as E5, F5, G5, H5, I5 y H5. Tanto a cuadrícula E1 como a J5 foron ampliadas para completar a estratigrafía do túmulo. Así tamén, no sector central escavamos a cuadrícula F6 para obter unha mellor información da cámara.

O método permitiunos establecer a relación estratigráfica entre cámara, a masa tumular e o paleosolo (ou solo alterado pola edificación do sartego), cun total de 48 m² escavados.


En canto ás pezas arqueolóxicas atopadas no decurso da escavación, salientamos dous micrólitos (un trapecio asimétrico e un segmento de círculo ancho), unha lasca microlítica isósceles con vértice redondeado, once puntas de frecha de seixo e base triangular, varias lascas de cuarcita, de sílex e seixo, un machado puído, un disco lítico, un coio aplanado (posible idoliforme) e un fragmento de prisma, aparentemente cunha incisión.

Mais o interese do grupo de pezas seleccionado, os dous recipientes cerámicos 128a e 128b e a punta de frecha 128c, radica no seu potencial significado de ofrenda fundacional dun monumento ao que pola súa tipoloxía, unha pequena cista rectangular, se lle ven atribuíndo a función de inhumación individual.

Os fragmentos cerámicos constitúen o maior grupo entre os materiais, aparecendo con profusión en todos os niveis estratigráficos do monumento, se ben as formas non foron fáciles de precisar posto que, agás contadas excepcións, eran irreconstruíbles. A maior parte respontan a unha factura manual, con cocións irregulares e oxidantes, acabamentos moi sinxelos nos que son moi frecuentes os desgrasantes groseiros de seixo e mica e as superficies alisadas.

Como excepcións pudemos reconstruír tres formas cerámicas, entre os que salientamos a OCvM5128a e OCvM5128b, que apareceron na base da coiraza da gabia leste, nunha fosa ou burato escavada na masa tumular (estrato II). Aínda que na escavación rexistramos os dous por separado, comprobamos como o número 128b estaba apoiado no interior da 128a. E dentro da primeira, a punta de frecha 128c. Ademais, a situación xusto baixo o coiraza fai que a interpretemos como unha deposición intencionada no decurso da edificación do monumento, o que nos situaría moi probablemente ante unha ofrenda fundacional.

O recipiente 128a ten unha forma aberta e baixa, na liña da chamada «taça em calote de esfera» da bibliografía arqueolóxica portuguesa. Pero a forma decorada con crecentes canelados, como a de Cavaladre, non ten



LOCALIZACIÓN DA OFRENDA FUNDACIONAL

paralelos nos megálitos galegos. No país veciño son frecuentes os achados deste tipo. Apareceran sen decorar en antas antigas, aínda que sen que se lles poida atribuír un contexto estratigráfico concreto. Porén, no monumento de Orca do Tanque exhumáranse dúas «taças» semellantes, unha lisa e outra algo máis fonda e pechada, máis cunha decoración moi parecida á de OCvM5, e que algúns investigadores atribuían á Idade do Bronce. Tamén contamos con outro decorado con técnicas parecidas no megálito de Alcolgulo 2.

Deste xeito vemos que estas formas aparecen ás veces en megálitos antigos, máis xunto con outras pezas tardías, algunhas do Bronce Antigo. Pero a de OCvM5 de Outeiro de Cavaladre débemola contextualizar en momentos moi próximos á edificación do monumento, quizais entre o 3300-2500 BP.

O outro elemento cerámico atopado no seu interior, o OCvM5:128b, podémolo definir como un recipiente esférico tendente a globular, cun bordo lixeiramente reentrante. Ben é certo que contamos con recipientes globulares en varios megálitos do noroeste. Porén, bordos semellantes vémoslos na Cova da Moura, gran dolmen de corredor, ou na medoña 87 de Serra Faladoira, cunha anta oval e corredor curto. Non esquezamos que no interior do OCv128b estaba a punta de frecha OCvM5:128c, feita con seixo e moi semellante ás outras atopadas no mesmo monumento, que despois citaremos.

Da distribución das pezas atopadas no decurso da escavación queremos salientarmos os seguintes aspectos contextuais, que sen dúbida contribuirán a comprender mellor as que agora presentamos:

– En primeiro lugar, existen dous/tres grandes grupos: as procedentes da masa tumular e do paleosolo, que seguramente se correspondan cunha ocupación do lugar, ben anterior, ben coetánea coa edificación deste monumento M5 de Outeiro de

Cavaladre. Ademais das anteriores, as procedentes do interior da cámara (estratos de violación), que pola súa situación interpretamos que con toda probabilidade foron arrastradas todas dende o interior da cámara a través da súa parede norte, onde falta unha das súas lousas, e froito de violacións históricas do enterramento. Se, como pensamos, se trata dun enterramento individual, estaríamos ante un contexto uniforme, unha ofrenda homoxénea simultánea do enterramento.

– As tres pezas que forman a ofrenda fundacional (recipientes 128a, 128b e punta de frecha 128c), depositadas no momento da construción da coiraza no sector SL do monumento e, polo tanto, coetáneas da edificación deste.

– Mención especial merecen as puntas de frecha, especialmente porque unha delas formaba parte da ofrenda fundacional. No Outeiro de Cavaladre escavamos os monumentos M1 e M5. O primeiro cun dolmen de corredor diferenciado en alzado. O segundo, como vimos, unha cista irregular. Todas as puntas de frecha exhumadas foron de base triangular. Pero as de M1 son de xisto, fronte ás de M5, máis pequenas e de seixo formando, a grandes trazos, dous grupos relativamente homoxéneos entre si e en relación directa con cada monumento, con tipoloxías diferenciadas.

Tales consideracións darían homoxeneidade ao enxobal e á ofrenda fundacional, situando os materiais procedentes desta mámoa M5 de Outeiro de Cavaladre nunha etapa de transición equivalente a un Calcolítico Antigo autóctono, diferente dos asentamentos próximos «tipo Penha» dos val das Conchas e situado entre os horizontes Megalítico Pleno e Campaniforme, ambos presentes nos monumentos megalíticos de Val de Salas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: José M. Eguileta Franco

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA